

PRÓRROGA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FEDERACIÓN GALEGA DE PIRAGÜISMO E A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO “PROGRAMA PROVINCIAL DE PIRAGÜISMO” E O FUNCIONAMENTO DA ESCOLA DE PIRAGÜISMO DA DEPUTACIÓN DE LUGO. (ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DE DATA 31/12/2019)

En Lugo, a 21 de febreiro de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, don José Tomé Roca, presidente da Excma. Deputación Provincial de Lugo, con CIF P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local e, no seu nome, don *Efrén Castro Caloto*, deputado delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, en virtude da Resolución desta Presidencia de data 15 de outubro de 2019.

E doutra *don José Alfredo Bea García* con N.I.F.35.456.180 - R na súa condición de Presidente, actúa en nome e representación da Federación Galega de Piragüismo “FEGAPI”, con C.I.F. G-36040764 e con sé social en Pontevedra, Centro Deportivo Pontillón do Castro, r/ Gabián s/n, Verducido, C.P. 36151, con poderes suficientes para a celebración deste acto, en exercicio das facultades atribuídas para o efecto no artigo 32 dos seus estatutos federativos.

Actúa dona *María Esther Álvarez Martínez*, Secretaría Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas partes recoñécense competencia suficiente para o establecemento da presente prórroga, e ao efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- A Xunta de Goberno da Deputación con data 30 de xuño de 2017, acordou prestar aprobación ao convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo “FEGAPI”, para o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo” e o funcionamento da Escola de piragüismo da Deputación de Lugo. O dito convenio de colaboración foi asinado entre os representantes da Deputación Provincial de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo, con data 30 de xuño de 2017.

Segundo.- A Federación Galega de Piragüismo, presenta solicitude para a prórroga do antedito convenio de colaboración, con número de rexistro na Deputación 2019RT005142 e alta de 31/10/2019 – 13:28:32

Terceiro.- As partes manifestan a súa satisfacción pola colaboración desenvolvida considerando necesario modificar e prorrogar o convenio dende o 01 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

Por cuanto antecede, ambas partes resolven subscribir a presente prórroga do convenio con arreglo ás seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMERA – ENGÁDEGAS AO CONVENIO

UN.- Á Cláusula terceira do convenio modifícase exclusivamente naqueles aspectos e cuestións que a seguir se indican:

“TERCEIRA.- Achegas e compromisos das partes.

3.1. A Deputación Provincial de Lugo, comprométese ao seguinte:

A) A Deputación comprométese ao financiamento dos gastos correntes previstos no “Programa de promoción provincial do piragüismo”, polo importe total de 85.000,00 € na anualidade 2020 que abrangue dende o 01 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

ANUALIDADE	IMPORTE
2020	85.000,00 €

3.2 FEGAPI, en cumprimento do presente convenio de colaboración comprométese ao seguinte:

E) A executar as actuacións obxecto deste convenio, na data límite do 31 de decembro de 2020.

J) Así mesmo, tendo en conta que o artigo 56 da Lei 3/2012, de 02 de abril, do Deporte de Galicia recoñece como unha competencia propia de FEGAPI a colaboración coa Deputación na promoción do piragüismo na provincia de Lugo, FEGAPI comprométese a facerse cargo do funcionamento da Escola de Piragüismo que é de titularidade da Deputación de Lugo, esta actividade desenvolverase no período comprendido dende o 01 de xaneiro de 2020 ata o 31 de decembro de 2020.

DOUS.- Á Cláusula cuarta do convenio modifícase exclusivamente naqueles aspectos e cuestións que a seguir se indican:

CUARTA.- Réxime económico.

A. Xustificación

FEGAPI deberá xustificar a execución das actuacións previstas neste convenio, en todo caso, como máximo o día 31 de marzo de 2021, achegando unha conta xustificativa conxunta dos gastos realizados que terá o seguinte contido:

FEGAPI deberá emitir factura polos servizos prestados e como máximo polo importe de 85.000,00 €, a dita factura será conformada polo persoal da Área de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes, acompañando un informe favorable sobre a dita actividade conxunta.

Suprímese o seguinte apartado: “Ademais para xustificar o establecido no apartado 3.2, sub apartado A) que se refire ás obrigas de FEGAPI, FEGAPI achegará xunto coa conta xustificativa de cada anualidade, un proxecto de acción e actividade do Programa Provincial de Piragüismo, previsto para a anualidade seguinte, indicando a xustificación da necesidade, a finalidade da actuación obxecto de colaboración, e un orzamento estimativo de gastos”.

B. Anticipo

Por outra banda, a Deputación de Lugo poderá efectuar un anticipo, con dispensa de garantía, de ata o 80% sobre o importe total da achega da Deputación, correspondendo para o importe de 85.000,00 €, o anticipo con dispensa de garantía do 80%, é dicir, 68.000,00 €.

E neste caso FEGAPI deberá achegar, para a solicitude do pagamento do dito anticipo, a seguinte documentación:

Copia do contrato de arrendamento de bens mobles do material deportivo que, de ser o caso, fora empregado por FEGAPI nas instalacións da Escola de Piragüismo en Lugo para a anualidade 2020.

Copia dos contratos de traballo temporal para o desenvolvemento do “Programa de promoción provincial do piragüismo” e para garantir o correcto funcionamento da Escola de Piragüismo da Deputación.

Cos anteditos contratos laborais FEGAPI razoa e argumenta cando menos ter iniciada a execución dunha parte das actuacións previstas no Convenio, aínda que debe terse en conta que, o gasto de persoal non é gasto cofinanciable, xa que segundo o Anexo do Convenio, apartado A: As obrigas de FEGAPI, sub apartado 6. Contratación laboral de persoal para prestar servizo na Escola Provincial de Piragüismo, “FEGAPI realizará as súas funcións preferentemente con persoal da súa entidade, no caso de que contratase persoal para as actividades ou servizos anexos á actividade, a contratación e os gastos de seguridade social e análogos serán por conta de FEGAPI” e que por tanto, tal actuación se insire nas obrigas asumidas por FEGAPI.

TRES.- Á Cláusula quinta do convenio modifícase exclusivamente naqueles aspectos e cuestións que a seguir se indican:

QUINTA.- Duración do convenio de colaboración.

A vixencia da presente prórroga do convenio terá efecto a partir da data da súa sinatura aínda que con efectos económicos dende o 01 de xaneiro de 2020 e manterase ata o cumprimento da mesma e unha vez terminaran o conxunto de actuacións dos compromisos adquiridos polas partes, coas limitacións temporais fixadas na cláusula cuarta e o establecido no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, LRXSP.

En todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación de Lugo se proceda á aprobación e pagamento da conta xustificativa aportada por FEGAPI, que deberá efectuarse como límite o día 31 de marzo de 2021, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

De acordo co previsto no artigo 49, apartado h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro de 2015, LRXSP, en calquera momento antes da finalización do prazo previsto no parágrafo anterior, a Deputación e FEGAPI poderán acordar unanimemente a prórroga do convenio de colaboración asinado con data 30 de xuño de 2017, por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

SEGUNDA.- PRÓRROGA

As partes asinantes acordan a prórroga do convenio, que terá efectos a partir do día 01 de xaneiro de 2020 e ata o día 31 de decembro de 2020, por acordo unanime das partes segundo o establecido no artigo 49.apartado g) da Lei 40/2015, de 01 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.


TERCEIRA.- OUTRAS CLÁUSULAS

As demais cláusulas do convenio de colaboración, máis o seu anexo, subscrito con data 30 de xuño de 2017, en tanto non resulten afectadas por esta modificación e prórroga, permanecerán invariables. Ambas partes acordan incorporar ao convenio de colaboración, máis o seu anexo, subscrito con data 30 de xuño de 2017, esta prórroga, a cal rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E para que conste, en proba de conformidade, asinan as partes en triplicado exemplar a presente prórroga de convenio no lugar e data expresados no encabezado.


O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN,
P.D. Decreto de data 15-10-2019
O DEPUTADO DELEGADO DA ÁREA DE DEPORTES,
ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA

Asdo: Efrén Castro Caloto



O PRESIDENTE DA FEDERACIÓN GALEGA
DE PIRAGÜISMO

Asdo.: José Alfredo Bea García



A SECRETARIA XERAL,

Asdo.: María Esther Álvarez Martínez